

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



EXPTE: 8846/307

A/ RESPONSABLE DO CONTRATO

ASUNTO: Contratación da obra de CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DE VILLA SOLITA, ALCABRE (Expte: 8846/307)

Informe sobre as xustificacións presentadas polo licitador CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. no asunto de referencia, cuxa oferta foi declarada con presunción de “anormal” ou “desproporcionada”, para acreditar se pode ser cumprida.

No procedemento licitatorio aberto para contratar a obra de referencia, a Mesa de Contratación declarou como presuntamente “anormal” ou “desproporcionada” a oferta presentada polo citado licitador.

Como consecuencia de dita declaración e do previsto no prego de condicións administrativas particulares (no sucesivo, PCAP) concedéuse ao referido licitador o preceptivo trámite de audiencia para efectuar alegacións e xustificar a súa oferta. O expediente remitiuse posteriormente a esta técnica para informe.

Todo isto de conformidade co previsto no artigo 149 da L.C.S.P. que no que a este informe interesa, establece:

(apart. 4 a 6 do citado precepto)

(...)

Cando a mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación identifique unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidade, deberá requirir o licitador ou licitadores que as presentasen e darlles prazo suficiente para que xustifiquen e desagreguen, razoada e detalladamente, o baixo nivel dos prezos, ou dos custos, ou calquera outro parámetro con base no cal se definiu a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos.

A petición de información que a mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación dirixa ao licitador deberase formular con claridade, de maneira que estes estean en condicións de xustificar, plena e oportunamente, a viabilidade da oferta.

Concretamente, a mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou dos seus custos e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.



CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras,

c) A innovación e a orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.

d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, pois non serán xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.

e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado. No procedemento deberase solicitar o asesoramento técnico do servizo correspondente.

En todo caso, os órganos de contratación rexeitarán as ofertas se comprobán que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluído o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201.

Entenderase, en todo caso, que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipóteses ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

(...)

6. A mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación avaliará toda a información e documentación proporcionada polo licitador en prazo e, no caso de que se trate da mesa de contratación, elevará de forma motivada a correspondente proposta de aceptación ou rexeitamento ao órgano de contratación. En ningún caso se acordará a aceptación dunha oferta sen que a proposta da mesa de contratación neste sentido estea debidamente motivada.

Se o órgano de contratación, tendo en conta a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no número catro, considera que a información solicitada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e que, por tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, excluíraa da clasificación e acordará a adjudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde en que fosen clasificadas conforme o sinalado no número 1 do artigo 150.

En xeral, rexeitaranse as ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipóteses ou prácticas inadecuadas desde unha perspectiva técnica, económica ou xurídica.

7. Cando unha empresa que estivese incursa en presunción de anormalidade resultase adjudicataria do contrato, o órgano de contratación establecerá mecanismos adecuados para realizar un seguimento pormenorizado da súa execución, co obxectivo de garantir a correcta execución do contrato sen que se produza unha diminución na calidade dos servizos, obras ou subministracións contratados.

En relación coa documentación aportada pola empresa CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. procede informar o seguinte:

de 5

Páxina 2



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 19/06/2018 13:39

Páxina 2 de 5

Expediente 8846/307

CSV: 24E154-A5CC8A-2H2C33-WWWL7W-SVZ7N5-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



No punto 1 da xustificación “ASPECTOS QUE PERMITEN ECONOMIZAR O COSTO DA OBRA” describe os principais puntos que teñen e conta e desenvolven a continuación:

No punto 1.1. indican o coñecemento dos traballos debido á experiencia en obras similares, este apartado ven xustificado no **ANEXO 1, no que se achega declaración das obras executadas polos mesmos equipos que se emplearán para a obra obxecto de licitación.**

No punto 1.2. aluden á correcta organización previa amosada no documento técnico da licitación, o que permitiría optimizar os recursos e o tempo de execución, e por conseguinte a economización dos traballos.

No punto 1.3. aportan unha relación dos medios mecánicos propios da empresa, indican incluso un camión dotado de **guindastre móbil, que contradice ao presentado no documento técnico da licitación, xa que neste indican a situación dun guindastre tipo torre. En canto á amortización da maquinaria, tampouco se presenta xustificación detallada da amortización citada.**

No punto 1.4. indican a experiencia da empresa en obras similares, e **fan referencia novamente ao ANEXO 1.**

No punto 1.5. indican que a proximidade das obras coa obra de rehabilitación dunha vivenda na Rúa Ferrería que está a realizar a empresa, diminuíría os custos de transporte de mercadorías e desprazamentos dende as oficinas e parque de maquinaria da empresa, situado en Meis. Para xustificación do indicado, **achegan no ANEXO 2 o contrato de rehabilitación da obra na Rúa Ferrería.**

No punto 1.6. indican que a empresa aforra custos financeiros practicando a autofinanciación.

No punto 1.7. indican que a política de fidelidade cos provedores, as condición de pago e aspectos de confianza mercantil entre empresas, mellora os costes. **Aporta cartas de compromiso nos ANEXOS 3 e 5, ademais de prezos aplicados no apartado 2. VALORACIÓN E CÁLCULOS EFECTUADOS PARA A OBTENCIÓN DA OFERTA, e os puntos que contén para a xustificación do prezo presentado na oferta económica da empresa.**

Tamén neste punto indican que a empresa posúe un aserradeiro de pedra o que mellora os prezos dese material na obra, **pero o indicado neste apartado non se desenvolve na oferta calculada numericamente para considerar xustificado o aforro nos materiais específicos para a execución das unidades relacionadas con este aspecto no proxecto obxecto de licitación.**

Finalmente, no punto 1.8. indican de forma xeral, que repercutirán parte do aforro calculado ao beneficio industrial e aos gastos xerais. **Neste**



CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



apartado non se aporta ningunha xustificación sobre a redución que se fai nas porcentaxes de ambos aspectos.

A xustificación nos puntos desde apartado son de carácter xeral, non se xustifican todos os aforros que se indican. En algúns dos puntos, a xustificación precisa a revisión dos ANEXOS para a súa consideración.

O apartado 2. VALORACIÓN E CÁLCULOS EFECTUADOS PARA A OBTENCIÓN DA OFERTA inclúe os seguintes puntos:

Punto 2.1. ESTUDO DE PREZOS UNITARIOS, neste punto indica, un a un, os prezos estudados, indicando os que consideran aptos de acordo co proxecto e os que consideran que poden mellorar, con xustificación da razón, que van dende mellora do rendemento de materiais a melloras dos prezos con indicación dos provedores (cuxa explicación se atopa nos ANEXOS 3, 4 e 5) tamén indican a rebaixa obtida respecto ao prezo do proxecto.

Neste punto 2.1. de ESTUDO DE PREZOS UNITARIOS xustifícanse os prezos propostos e o resultado da baixa presentada, coa información adicional engadida polos ANEXOS.

No punto 2.2. REDACCIÓN DO ORZAMENTO COS PREZOS UNITARIOS OBTIDOS NO ESTUDO E AS MEDICIÓNS DO PROXECTO, aplícase, a cada unha das unidades do proxecto, os cambios propostos no punto anterior, obtendo así a valoración do orzamento de execución material da oferta presentada. **Obtendo un valor numérico obxectivo de 153.835,17€.**

No punto 2.3. REDACCIÓN DO ORZAMENTO COMPARATIVO ENTRE OS PREZOS DE PROXECTO E O ORZAMENTO REAL DO ESTUDO, preséntase o resultado do estudo comparativo da empresa para a oferta presentada, cuxo resultado **aporta unha diferenza respecto ao proxecto de 38.539,30€ en execución material.**

No punto 2.4. RESUMO DO ORZAMENTO DO ESTUDO E XUSTIFICACIÓN DE CUSTOS, GASTOS E BENEFICIOS, o documento presentado desenvolve os custos que son de aplicación ao prezo de execución material obtido no estudo, reduce os custos en Gastos Xerais a un 3% e o Beneficio industrial a un 4%, tal e como indicaba no punto 1.8, resultando un ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (s/IVE) de 168.962,38€, cantidade que soporta un IVE de 35.482,10€ obtendo así un orzamento de execución da oferta en 204.444,48€.



CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



CONCLUSIÓNS:

Trátase dunha xustificación detallada en canto aos prezos aplicados no estudo da oferta pero non presenta ningún tipo de xustificación do resto dos aforros expostos máis que unha declaración meramente voluntarista.

Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da LCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato.

Daselle traslado ao responsable do contrato para a súa presentación a Mesa de contratación, para que a vista das indicacións recollidas proponga aceptación ou rechazo da presente oferta como consecuencia da inclusión en presunción de anormal ou desproporcionada.

Vigo, á data da sinatura dixital

A Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos municipal (P.D. 15 de novembro de 2017) - Fátima Martínez Giráldez
O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras, Jerónimo Centrón Castaños (P.A. XGL 18/12/2017)

CONFORME:

A Xefa do Servizo de Patrimonio Histórico-Asdo: María Gómez Janeiro

